

Protocolo de colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario para o desenvolvemento de actuacións conxuntas de interese común no eido das artes e no ámbito do patrimonio artístico do Parlamento de Galicia

REUNIDOS

O Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira, na súa condición de presidente do Parlamento de Galicia, actuando ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

O Sr. D. Manuel Quintana Martelo, na súa condición de presidente da Real Academia Galega de Belas Artes da Nosa Señora do Rosario (en adiante, Real Academia Galega de Belas Artes), en exercicio das competencias que lle confire o artigo 22 dos estatutos da entidade.

Ambas as partes recoñecen a súa competencia e capacidade para formalizar este protocolo de colaboración, e para tales efectos,

EXPOÑEN:

Primeiro. O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.19, atribúelles aos poderes públicos de Galicia o fomento da cultura e da investigación en Galicia, sen prexuízo do establecido no artigo 149.2º da Constitución.

Segundo. O Parlamento de Galicia conta cunha valiosa e variada colección de arte galega, con representación das principais figuras da pintura e a escultura de Galicia. Este fondo artístico está integrado por máis de trescentas obras pertencentes a máis de cen artistas significativos na historia da arte de Galicia, e dá mostra do compromiso desta institución na promoción cultural e patrimonial da expresión artística galega. Neste sentido, o propósito do Parlamento de Galicia é seguir contribuíndo a facilitar o seu coñecemento, promoción e consolidación, dispoñendo, para tal fin e na medida das súas posibilidades, dos medios que sexan necesarios e eficaces para conseguilo.

Terceiro. A Real Academia Galega de Belas Artes, asociada ao Instituto de España, é unha corporación oficial que, baixo o alto padroado da Súa Maxestade o Rei, ten entre as súas funcións actuar como institución consultiva, informativa e asesora dos organismos públicos e privados que teñan ao seu cargo a defensa, a conservación e a restauración do tesouro artístico e monumental de Galicia, fomentar a investigación e a práctica das artes de Galicia, dentro e fóra dela e velar pola conservación, valoración e difusión da riqueza monumental e artística de Galicia en canto estea ao seu alcance.

Cuarto. Ambas as institucións enmarcan a súa actuación de protección e promoción dos bens culturais na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, a respecto de cumprir cos deberes establecidos nesta lei para a protección do patrimonio cultural de Galicia, así como ser partícipes na súa conservación, acrecentamento, difusión e fomento, favorecendo procesos de cohesión social, fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a valorización e a investigación do patrimonio artístico e a transmisión ás xeracións futuras.

Quinto. É vontade de ambas as institucións colaboraren na promoción e a difusión da arte e da cultura galegas mediante estudos, publicacións, exposicións e investigacións, así como no desenvolvemento de iniciativas encamiñadas á protección do fondo artístico do Parlamento de Galicia.

Para estes fins, no exercicio das competencias que lles son propias, as partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para o asinamento deste PROTOCOLO DE COLABORACIÓN, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto e fins do protocolo

Este protocolo ten por obxecto establecer os mecanismos de colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Real Academia Galega de Belas Artes, para fixar o marco xeral de actuación das súas respectivas administracións na promoción, a dinamización e o impulso do patrimonio artístico do Parlamento de Galicia, a organización de eventos conxuntos para tal fin, o asesoramento por parte da Real Academia de Belas Artes nas actividades relacionadas coas artes no ámbito do Parlamento e a colaboración deste nas actividades de interese mutuo que leve a cabo a Real Academia Galega de Belas Artes no eido das artes.

Segunda. Compromisos das partes

O Parlamento de Galicia e a Real Academia Galega de Belas Artes , en coherencia coas súas respectivas funcións e no marco deste protocolo, comprométense a colaborar no desenvolvemento dos seus fins, a través de accións que se plasmarán a través dos correspondentes convenios de colaboración, de modo que se propicie:

— unha maior difusión dos fondos artísticos do Parlamento mediante a organización de exposicións, publicacións e xornadas divulgativas;

— o estudo e a investigación que, consonte a museoloxía, poida desenvolver a Real Academia de Belas Artes arredor das obras do fondo artístico do Parlamento de Galicia, autores, temáticas, etc., que abunden na mellora, no coñecemento e na difusión deste valor artístico cultural;

— o seguimento mediante técnicas museográficas da Real Academia Galega de Belas Artes de cara ao asesoramento para a conservación da colección artística e do propio edificio do Pazo do Hórreo, a catalogación e exhibición das obras de arte así como en todos aqueles proxectos que se desenvolvan no Parlamento no eido das belas artes;

— a colaboración por parte do Parlamento de Galicia naquelas actividades de interese común impulsadas pola Real Academia Galega de Belas Artes a prol das artes en Galicia.

Terceira. Financiamento

O asinamento deste protocolo non comporta ningunha obriga económica. De ser o caso, determinarase nos correspondentes convenios de colaboración que deriven deste protocolo.

Cuarta. Difusión da colaboración das partes

Nas actividades expositivas, divulgativas, de asesoramento e nas actuacións respecto das publicacións que se fagan relacionadas co desenvolvemento deste protocolo farase constar a colaboración das partes e utilizarase, de proceder, a identidade corporativa de cada unha das institucións.

O asinamento deste protocolo supón o consentimento expreso de ambas as partes para facer públicos a través dos distintos soportes de comunicación e difusión que se empreguen os datos referidos ao seu contido de conformidade coa normativa sobre transparencia e boas prácticas que sexa aplicable a cada unha delas.

Quinta. Prazo de vixencia, modificacións e causas de resolución

Este protocolo producirá efectos a partir da data do seu asinamento e terá unha vixencia dun ano, prorrogable por períodos sucesivos anuais ata un máximo de catro anos, mediante acordo expreso das partes ao remate de cada período, agás que se resolva por algunha das causas seguintes:

- a) Mutuo acordo das partes manifestado por escrito.
- b) Denuncia feita por calquera das partes, con tres meses de antelación.
- c) Incumprimento grave de calquera das partes dos acordos do protocolo.

Así mesmo, as partes poderán modificar os termos deste protocolo de acordo mutuo.

Sexta. Comisión de seguimento

Coa finalidade de optimizar e valorar os resultados deste protocolo, crearase unha comisión de seguimento composta por un representante de cada unha das institucións, que coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución, e poderá estar asistida polos técnicos que xulguen necesarios.

Os acordos adoptados pola Comisión serán inmediatamente executivos.

Terá, ademais, as seguintes funcións:

- 1ª) A interpretación do protocolo.
- 2ª) A proposta de addendas ou modificacións.
- 3ª) A elaboración do informe previo á resolución por incumprimento.
- 4ª) As facultades de supervisión da execución e adopción das decisións e o ditado das instrucións necesarias co fin de salvagardar a correcta realización das actividades acordadas.
- 5ª) Calquera outra función relacionada co bo funcionamento deste protocolo.

Sétima. Natureza xurídica

Este protocolo de colaboración ten natureza administrativa, está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e rexeráse polas súas propias cláusulas e, de forma supletoria, polas normas xerais do dereito administrativo.

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que puiden xurdir no desenvolvemento deste protocolo.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no cumprimento deste protocolo de colaboración, e que non poidan ser dirimidas pola comisión de seguimento creada para tal efecto, serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Oitava. Protección de datos de carácter persoal


En aplicación deste protocolo respectarase cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016, xeral de protección de datos, e, no que estea vixente, a Lei 15/1999, de protección de datos, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos.

Novena. Transparencia e bo goberno

O asinamento deste protocolo de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervenientes para que o Parlamento de Galicia poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

En proba de conformidade, asínase este protocolo de colaboración por triplicado no pazo do Parlamento, en Santiago de Compostela, o vinte e sete de novembro de dous mil dezaioito.



Miguel Ángel Santalices Vieira,
presidente do Parlamento de
Galicia



Manuel Quintana Martelo,
presidente da Real Academia
Galega de Belas Artes da Nosa
Señora do Rosario